

Os piratas da illa da Esperanza



Título:
Autor:
Ilustrador:
Editorial:
Colección:
Nº páxinas:
ISBN:
Idade:

Os piratas da illa da Esperanza
X. H. Rivadulla Corcón
Adrián Solleiro
Xerais
Merlín
120
978-84-9782-728-7
De 11 anos en diante

XERAIS



o autor

X. H. Rivadulla Corcón (A Coruña, 1962)

Poeta, narrador, dramaturgo e guionista.

Dirixe o programa *A casa do Vagabundo* na Radio Galega e, na TVG, os programas *Planeta Fantasía* e *Caravana de sabores*.

Podemos citar, entre os seus libros: *Taberna á deriva* e *O adeus do vello mariñeiro* en poesía; *Do mar e a noite* en narrativa; *¡Furga garabela!* en teatro; *O elefante dunha soa orella* (Premio Frei Martín Sarmiento 2004), *A que veñen as gaviotas a Compostela* e *A balada do Roi Nemiña* no ámbito da literatura infantil e xuvenil.

o ilustrador

Adrián Solleiro (Tui, 1985)

Estuda ilustración na escola de arte Antonio Faílde de Ourense.

Comeza a debuxar dende moi novo, colaborando en diversos proxectos e publicacións.

Actualmente reside en Granada, onde estuda Belas Artes.

Este é o primeiro libro que ilustra para unha editorial.

o libro


Unha panda de cinco: tres rapazas e dous rapaces. Dous un pouco máis vellos que xa son parella. A todos lles gusta ler e crean un club de lectura que primeiro se chama Pedra dos Corvos, pero que, máis tarde, pasará a denominarse Illa da Esperanza.

A *Illa do tesouro* é un libro que os marca, arredor del xogan ao teatro e un bo día deciden navegar na busca desa illa e o seu tesouro. Será cando o capitán sofre unha dura enfermidade da que semella non poderá salvarse.

Nesa aventura están acompañados polo Vagabundo ou Marcelino –que así se chama– un amigo adulto que, a pesar de non ter nada de seu, lles regala libros, aventuras e vida.

Disto trata a novela, da amizade e de cando a vida se converte nun xogo cruel.

temas e valores



A amizade

A panda. Os roles de cada un dos membros.



A enfermidade

e a nosa impotencia ante ela.



A lectura

O interese por ler. Club de lectura.



O vagabundo

como persoa non convencional. O seu carácter, os seus intereses...



Os libros de aventuras

O paradigma: *A illa do tesouro*.



actividades

A proposta de actividades que segue xorde das múltiples posibilidades de xogo arredor do texto. Nunca deben ser tomadas dun xeito que non sexa simplemente a apertura dun abano de posibilidades para comprendelo algo mellor, darlle voltas, repensalo...

Cada mediador poderá escoller aquelas actividades que lle resulten máis interesantes tendo en conta os intereses que o guían, ou ben pode crear as súas propias baseándose nas que se deseñan a seguir.

En calquera caso, o máis importante dunha historia é lela e comentala. O feito de realizar algunha actividade en torno a esta lectura debe ser, en todo caso, complementario do anterior, pero nunca debe ocultar o obxectivo principal: ler e gozar da obra.

Antes da lectura

- Co libro na man anticiparemos o seu contido. Observando as capas imaxinaremos de que pode tratar e o que imos atopar nel.
- Atenderemos ao que nos suxira o título e a ilustración da portada.
- Reflexionemos sobre o título. Pensemos se nos lembra outros. Xogamos a inventar títulos semellantes.
- Escribimos un texto con ese título. Pode estar en prosa ou en verso.
- A lectura do texto que aparece na contraportada axudaranos a anticipar o tema e o argumento da obra. Deixamos que vaian aflorando os coñecementos previos e as experiencias vividas.
- Identificamos o autor, lembramos o que sabemos acerca del e das obras que coñecemos, buscamos máis na lapela. Aqueles que leron outros libros do autor poden presentárllelos aos compañeiros e compañeiras. Continuamos documentándonos na biblioteca.
- Podemos falar da colección Merlín, doutros títulos que teñamos lido e da opinión que nos mereceron. Repasamos a lapela na que aparecen «Últimos libros da colección».
- Comentamos as citas e buscamos datos acerca dos autores das mesmas.
- Cunha mirada rápida observamos as ilustracións «coma quen mira os santos» e imaxinamos a historia que pode haber detrás (non vale ler!).
- Falamos do ilustrador. Lemos o que acerca del aparece na lapela. Opinamos sobre as ilustracións antes de ler o texto. Facemos unha busca na rede.
- Imos ao índice e observamos os títulos dos capítulos, distribuímolos entre nós e xogamos a inventar unha historia para cada un deles.

actividades

Ao longo da lectura

- Cunha mirada rápida situaremos o texto dentro dun xénero literario.
- Os capítulos aparecen titulados. Antes de comezar a lectura podemos elaborar hipóteses acerca do argumento. Unha vez lido cada un deles, cambiámoslle o título, poñéndolle outro que nos pareza máis adecuado. Imaxinamos como continuará a obra.
- Identificamos quen conta a historia. Comentamos o diferente que pode ser a historia contada por un tipo de narrador ou por outro. Falamos de sucedidos que coñezamos e como non son iguais as versión que contamos cada un de nós.
- Seleccionamos aqueles fragmentos que nos chaman a atención para despois poder comentalos cos compañeiros e compañeiras.
- Vaíamos situando nun mapa (ou varios) todos aqueles lugares que van aparecendo no relato: Corcubión, Muxía, Cee, Bilbao, A Coruña, Ézaro, O Pindo, Quilmas, Caldebarcos, Carnota, Monte Louro, Figueira da Foz... Relacionámolo co país ou comunidade autónoma ao que pertencen.
- Recollemos información sobre cada un dos personaxes de cara a describilos.
- Os nomes das illas que aparecen no texto son Lobeira grande e Lobeira pequena. Seguro que lembramos moitas outras. Realizamos un concurso que ganará quen consiga máis nomes.
- As illas acostuman ter formas especiais. Pensamos en illas que coñezas e as formas que teñen... Debuxámolas!
- O Vagabundo dixo que «a vida só valía a pena ando se podían ver espectáculos da natureza como aquel». Esa é unha maneira de pensar. Completade cada un de vos a frase: «A vida só vale a pena...»
- Alguén pode encargarse de revisar o libro buscando os nomes dos animais que aparecen, especialmente mariños e aves. Unha vez conseguida a lista, se é de interese, poderíanse distribuír entre os grupos para buscar información e elaborar un mural con aquelas imaxes que resultan máis sorprendentes.
- Elaboramos un vocabulario coas palabras que nos resultan difíciles á primeira vista. Tamén podemos facer unha listaxe co léxico que nos resulte propio da obra, se consideramos que o hai.
- Despois da lectura de cada un dos capítulos predicimos a continuación da novela.
- Facemos un resumo conciso de cada capítulo.
- Localizamos recursos literarios como comparacións, metáforas, personificacións...
- Buscamos frases feitas que nos chamen a atención.

actividades

- Se isto é unha novela de piratas, podemos poñerlle banda sonora con algunha das cancións que recoñecemos como dese xénero, comezamos coa que cantan eles...
- Explicamos este fragmento: «O libro máis especial para os membros do Club de Lectura Pedra dos Corvos foi *A Illa do Tesouro* porque ao principio porque era o primeiro que liamos na casa do Vagabundo, logo porque se converteu en algo así como un verdadeiro mapa do tesouro» ou esta frase «Un barco sen capitán está condenado á deriva».
- Deteñámonos en cada unha das ilustracións. Tentamos explicalas e observamos que informacións novas nos achegan.
- Elixamos a ilustración que máis nos guste de todas e argumentemos a escolla.
- Poñámoslle pés de foto ás ilustracións, tal como se fai en prensa.
- Completamos as ilustracións, con algunha outra, que represente situacións que nos teñan interese.
- Probamos a ler un fragmento do libro de forma que cada un de nós represente un personaxe.
- Podemos facer teatro, igual que facían eles, ler o capítulo dunha novela e poñerse a xogar representándoo á nosa maneira. O normal será que continuemos con novelas de piratas e que pensemos que disfraces utilizar, chegará cunha pata de pau ou cun parche no ollo, cun garfo ou cun pano na cabeza...
- Formulémonos preguntas relacionadas co texto:
 - Cres que os personaxes están ben representados nas ilustracións?
 - Canto tempo cres que pasa entre o primeiro e o segundo capítulo?
 - Cal dos personaxes ten o pai navegando?
 - Por que se chamaba o club «Pedra dos Corvos»? Por que cambia, máis tarde, de nome?
 - Que é un club de lectura? Pertences a algún?
 - Por que lles chaman irmás Ele a Luísa e Lola? Coñeces algún outro caso no que se podería aplicar esta denominación ou outra semellante?
 - Que sabemos dos vagabundos? Coñecemos algún?
 - Como é o pelo crecho?
 - Que sabemos da linguaxe dos golfiños?
 - Haberá algunha diferenza entre piratas e bucaneiros?
 - Cres que o Vagabundo tiña algún problema?
 - Que son as cartas mariñas?
 - Quen coñece a praia de Lariño? Que a describa!
 - Que oficio ten o pai de Xan?
 - Cales son os títulos do libros de poesía dos que é autor o Vagabundo?

actividades

- Como imaxinamos o personaxe da profe da biblioteca? Debuxémola!
- Pensades que os pais e o armador terían retirado a denuncia contra o Vagabundo de non ser posible o transplante de medula?
- Localizamos referencias literarias como *A illa do tesouro*, Stevenson, John Silver...
- Esta é unha panda que practica os xogos de sempre: facer viño con amoras, roubar millo para asar... Continuemos a enumeración.
- Esta é unha tripulación de soñadores: cinco nenos e un vagabundo. Escribamos a aventura que podían ter realizado.
- A tripulación busca un tesouro moi especial: o necesario para a investigación que descubra un medicamento que cure a leucemia. O mapa do tesouro ha de ser a maneira de lograr o que desexamos. Vaíamos trazándoo.
- Busquemos documentación sobre as *bacas* e a arte de pesca, chamada, do arrastre.
- Na novela fálase da época do *Prestige*. Expliquemos todo canto saibamos do que sucedeu daquela.
- Os clubs de lectura son unha actividade moi interesante para compartir o gusto pola lectura. Este pode ser un bo momento para organizar un. Xa vedes que se pode facer sen ningún adulto, pola vosa conta, ou contando coa colaboración dalgún deles. Só tedes que poñervos de acordo na elección dos libros que queiredes ler e nas datas nas que vos ides reunir.
- *A illa do tesouro* é o primeiro libro que achega o vagabundo ao club de lectura, cando lles pide permiso para pertencer a el. Citamos os títulos que cada un de nós achegaría para ler no club.
- Coa entrada do Vagabundo ao club de lectura, este acada un local social ou sede na que reunirse. Cal utilizariades vos, de ser o caso?
- No texto aparece citada a librería Pedreira. A ver quen é capaz de adiviñar en que cidade se atopa, na realidade? Como conseguiredes a información?
- Na páxina 33 aparece o final dun libro. Finais e principios son pezas de grande interese na novelas ou nos contos. Pensade nalgún final, ou principio, que vos chamase a atención.
- O vagabundo fai artesanía para conseguir os cartos que necesita. Semella que traballa co que ten a man: pedras e cunchas. Que se vos ocorre facer con eses elementos ou con calquera outro que atopedes? Probade a crear cousas coas vosas mans!
- Os nosos cinco amigos *espadeaban* e mentres o facían simulaban ser cabaleiros medievais, gladiadores romanos, mosqueteiros na Francia de Dartañán ou piratas que sucán os mares... Ocorrsevos algo máis que podades ser *espadeando*?

actividades

Xogade o mesmo ca eles, facede espadas cos deseños que máis vos gusten, e lembre que é un arma polo que nalgún momento pensaredes alternativas a xoguetes violentos.

- Repasemos a páxina 39 e falemos do papel da muller, da loita pola igualdade, de como os gustos e as habilidades son aprendidos...
- O teatro está presente na obra «Cada un tiña xa a súa nova personalidade pirata e todas as tardes o primeiro que faciamos era idear xuntos unha historia de principio ata case a final, nunca pensabamos un final definitivo. O Vagabundo escolliu unha páxina do libro, líaa e logo, segundo o que puxese nela, ideaba unha situación e cada un de nós ía dicindo o que pensaba que faría o seu personaxe; así, cando nos dabamos de conta...» xa o estaban representando. Eles fan teatro, pero tamén podemos lelo. Buscamos obras de teatro e poñémonos a esa tarefa para escoller, entre todos, a que prefiramos representar.
- Falando de artesanía, indagade acerca de cales hai na vosa zona, como se elabora, quen o fai...
- Continuamos os versos de Xavier Seoane:

Quen fora un capitán de quince anos
e neses días longos de verán
largase amarras para navegar
singraduras e océanos que non veñen no mapa.

- Podemos escribir un poema para cada un dos libros de poesía citados, e tamén, o comezo da historia de *Galván en Saor*.
- Na actualidade segue a haber piratas. Busquemos algunha noticia sobre eles nos xornais.
- A enfermidade de Xan é un duro pau para todos. Lembremos que experiencias temos de estar enfermos e que enfermidades graves padeceu alguén a quen coñecemos moito.
- Os humanos sabémonos mortais, sabemos que un día teremos que morrer, pero aínda así vivimos como se fósemos eternos. Normalmente, cando pensamos na morte sentimos terror. Falar dos nosos medos é unha boa maneira de enfrontalos, así que podemos comezar...
- O tempo de hospital semella feito de días brancos. Escribamos un poema!
- Documentámonos acerca da leucemia.
- Roubaron un coche e un barco, sacaron a Xan do hospital... Non quedaba máis remedio que asumir as consecuencias dos actos realizados, pero se o pensamos

actividades

un pouco só o Vagabundo vai pagar por facelo: Que opinamos? Por que o encarceran a el?

- Andan os rapaces pola Costa da Morte. Un nome tremendo para un lugar, cal é a razón de que se chame desa maneira?
- Cando o Vagabundo se ofrece para doar a medula, algúns pasan a falar del chamándolle polo nome, algúns seguen sen preocuparse polo que pode pasar con alguén coma el... Opinemos ao respecto.
- Poucas persoas respectan e se preocupan polo Vagabundo. Un dos poucos que o fai explica «Ten a súa forma de entender a vida e está no seu dereito». Opinemos acerca destas declaracións.
- Na despedida explícalles que o seu é un modo de estar no mundo, «sendo peixe e non pescador», esa é a súa elección, xa que non quere unha vida convencional. E despídese «Que o soño sexa a vosa patria. Ah, e seguíde lendo moito». Opinemos!
- Podemos realizar un debate acerca dos vagabundos, dos sen teito... e todo o que se xera arredor deles.
- Mario explícanos a peor sensación da súa vida, cando lle falan da enfermidade de Xan e lle din que é moi probable que morra. «A min pareceume que o meu corpo de súpeto se convertía nunha caixa baleira, unha caixa de zapatos que non servía para nada». Cada un debe pensar cal foi, para el, a peor impresión e como se sentía.

Despois da lectura

- Busquemos aquilo que máis nos sorprendeu, o que nos resultou máis triste, o máis cómico, o máis fantástico...
- Analicemos os problemas que xorden na historia e a maneira de resolvelos.
- Co libro na man, busquemos unha descrición, un diálogo, unha narración, unha carta, unha canción...
- Comentemos os valores que defende o autor neste texto.
- Escribimos a opinión que nos mereceu o libro ou realizamos unha posta en común na que ímos achegando a valoración de cada un de nós. Intercambiamos as sensacións que nos espertou a lectura, e as lembranzas que foron agromando ao longo da mesma.
- Resumimos o argumento ou realizamos unha liña argumental.

actividades

- Intentamos sintetizar a idea principal do texto.
- Escribimos a historia que se agacha detrás do vagabundo.
- Escribímoslle ao autor, X. H. Rivadulla, para darlle a nosa opinión sobre a súa obra.
- Pasamos a historia a cómic ou escribimos un poema relacionado con ela.
- Buscamos as outras obras do autor para seguir lendo.
- Pensamos noutros textos que poderíamos relacionar con este: polo tema, polo lugar no que se desenvolve, pola defensa de valores parellos...
- Pensamos nunha persoa a quen lle regalariamos este libro e escribimos a dedicatoria.
- Localizamos os libros que aparecen no texto revisámoslos por ver se nos pode interesar lelos. Tamén nos documentamos acerca dos seus autores, comezando cunha posta en común na que achegamos todo o que saibamos sobre eles, se lles temos lido algún libro... Algún deles, como Darío Xohán Cabana, Bernardino Graña e Uxío Novoneyra teñen escrito para nenos e nenas.



Pedidos a:

**Comercial Grupo Anaya
Polígono Pocomaco
Avenida 3 Edificio Diana
Nave 4 Baixo • 15009 • A Coruña
Telf.: 981 171 641 / Fax: 981 171 647**

XERAIS

**Doutor Marañón, 12. 36211 Vigo
Apartado Postal 1446. 36200 Vigo
Teléfonos (986) 21 48 88 - 21 48 80
Telefax: (986) 20 13 66
Correo electrónico: xerais@xerais.es
<http://www.xerais.es/>**

EDICIÓNS XERAIS DE GALICIA



© Pilar Sampedro e Maruxa Caamaño, 2008
© Edicións Xerais de Galicia, S.A., 2008
Depósito legal: VG 1569-2008